

## **DIVULGACIÓN DO “PROXECTO COLECTIVO DE ASISTENCIA TÉCNICA E VIXILANCIA DE A ILLA DE AROUSA 2020-2021”**

**ENTIDADE BENEFICIARIA: ORGANIZACIÓN DE PRODUCTORES DE MARISCO E CULTIVOS MARIÑOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OPP20)**

A presentación da solicitude de axuda fíxose ao amparo da orde do 23 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convoca para o ano 2020, en réxime de concorrência competitiva de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación de biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Europeo Marítimo  
y de la Pesca



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MAR

A OPP20 presenta o proxecto e, en agosto de 2020 recíbese a resolución de concesión da axuda, resultando beneficiari@s directos da mesma os 655 soci@s da OPP20.

A orde de convocatoria das axudas establece, entre as obrigas das entidades beneficiarias a de dar a adecuada publicidade ao carácter público da financiación da inversión realizada e que, entre as accións encamiñadas a dar axeitada publicidade debe figurar a organización dunha xornada informativa para divulgar o proxecto.

Debido á actual situación sanitaria e ás dificultades para realizar unha xornada de divulgación mantendo as normas de seguridade, procedemos á divulgación do proxecto a través do envío masivo de e-mail coa información relativa ao **“PROXECTO COLECTIVO DE ASISTENCIA TÉCNICA E VIXILANCIA DE A ILLA DE AROUSA 2020-2021”**.

Xúntase o resumo das accións realizadas ao abeiro do proxecto. Este documento vaise expor tamén na páxina web: <https://www.opp20.com> e nas distintas redes sociais da organización.

# “PROXECTO COLECTIVO DE ASISTENCIA TÉCNICA E VIXILANCIA DE A ILLA DE AROUSA 2020-2021”

**PERÍODO DE VIXENCIA DO PROXECTO:** dende o 1 de xullo de 2020 ao 30 de xuño de 2021.

**Proxecto cofinanciado nun 75% con fondos FEMP en un 25% pola Comunidade Autónoma.**

**O proxecto preséntase ao abeiro da orde do 23 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2020 axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.**

O obxectivo xeral do proxecto é a protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas así como o fomento da sensibilización ambiental.

A forma de vida das poboacións costeiras está íntimamente ligada ás oportunidades que ofrece o mar, fundamentalmente como fonte de recursos pesqueiros. Así, o contexto xeográfico no que se encadra o proxecto é a Illa de Arousa, cumprindo deste xeito coa premisa que sinala que os proxectos deben estar centrados en zonas costeiras de interese para a produción ou reprodución dos organismos mariños que fomenten a xestión sustentable, a conservación e a protección dos hábitats e das especies.

As actividades realizadas ao abeiro do proxecto son:

- ✚ Elaboración e seguimento dos plans de coxestión de recursos mariños:**
  - Plans xerais de marisqueo a pé en AUTORIZACIÓNS e LIBRE MARISQUEO.
  - Plans xerais de marisqueo a flote en AUTORIZACIÓNS e PLAN ESPECÍFICO DO AREOSO.
  - Plans de Recursos Específicos: SOLÉNIDOS, ALGAS E ANÉMONE.
  - Plan Experimental para a captura de Camarón con Trueiro en Batea.
  
- ✚ Optimización e seguimento da xestión dos recursos mariños.**
  - Análise dos descritores definidos na Directiva marco sobre a Estratexia mariña.
  - Cartografado de hábitats e especies, especialmente as invasoras, con presenza significativa no contexto xeográfico que nos ocupa:

*Crepipatella spp* e *Ocenebrellus inornatus* e algas como o *Sargassum muticum* e a *Undaria pinnatifida*.

- Seguimento dos indicadores de abundancia e da composición específica das capturas e da súa estrutura de tamaños. Os traballos que se realizan neste eido poden resumirse no tratamento de datos que se recollen das mostraxes semestrais así coma dos controis de tallas que se fan na lonxa.

O tratamento de datos brutos procedentes das mostraxes semestrais, permiten o cálculo de parámetros como as biomásas (totais e comerciais) e os porcentaxes de individuos comerciais e non comerciais nas mostraxas recollidas.

En canto aos datos que se obteñen dos controis de tallas en lonxa, as mostraxes permiten a obtención de datos tan relevantes como a porcentaxe de individuos de talla non comercial nos lotes estudados.

- Seguimento e vixilancia dos hábitats e especies, diagnosticando posibles zonas e especies que requiran de rexeneración e trazando a liña sobre a que se vai a traballar nestas rexeneracións. Elabóranse os proxectos de rexeneración e faise un seguimento de tódalas actividades que se realizan ao abeiro dos mesmos: solicitude dos permisos precisos, control e seguimento de sementeiras
- Cartografado da actividade extractiva d@s soci@s da entidade, tentando que as aperturas das zonas se realicen de xeito secuencial evitando a sobreexplotación de bancos marisqueiros.

✚ **Formación de mariscador@s.** Nos últimos tempos, debido á crise sanitaria, a formación límitase á celebración dos cursos necesarios para adquirir os coñecementos e acreditacións precisas para o embarque en embarcacións de marisqueo e pesca de baixura.

✚ **Aumento da sensibilización ambiental** coa participación directa do sector: a vixilancia da OPP20 efectúa as rondas de vixilancia establecidas polos distintos bancos marisqueiros que xestiona a entidade. Nesta labor, aproveitan para facer recollidas de lixo mariño que, tanto mariscador@s coma outros usuari@s dos bancos marisqueiros depositan en determinados puntos do litoral. Dende o mes de decembro de 2019, o servizo de vixilancia da OPP20 colaborou activamente na recollida de preto de 40Tn de lixo mariño que son depositados en contenedores destinados a este fin para o seu posterior traslado e tratamento.

- ✚ **Contribución á vixilancia epidemiolóxica** co envío de mostras ao Intecmar para avaliación do estado sanitario das augas e especies marisqueiras.
  
- ✚ **Operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies** que se levarán a cabo establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca. O servizo de vixilancia encárgase de comprobar a documentación das embarcacións e PERMEX d@s mariscador@s que acceden ás distintas zonas de traballo. Igualmente, comprobamos os cupos que cada barco/mariscad@r extraen así como as tallas mínimas dos exemplares capturados.
  
- ✚ **Solicitude e seguimento dos peches e aperturas mensuais das distintas pesquerías.** Cada mes fanse as solicitudes de apertura mensuais para os distintos plans de xestión, tanto de recursos xerais como de recursos específicos.  
Ademais, á finalización de cada mes, faise unha actualización dos datos de extracción por especie en cada plan de xestión, o que permite o cálculo de parámetros como o CPUE, fundamental para o seguimento e xestión da explotación.

**IMPORTE SUBVENCIONABLE: 118.777,25€**

**(FEMP: 89.082,93-CA: 29.694,31€)**